

## ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase que a Presidencia da Comisión Informativa de asuntos xerais ditou a seguinte

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a necesidade aprobar a política de seguridade a fin de poder cumprir especialmente no ámbito da administración electrónica os requisitos do esquema nacional de seguridade e seguir avanzando na protección dos datos e comunicacións realizados polo Concello de Oroso, así como a necesidade de proceder á aprobación da solicitude do POS +2024 e POS+ Adicional; 1-2024 gastos sociais extraordinarios sendo o derradeiro día para a súa remisión á Deputación Provincial o día 9/02/2024. Tendo en conta igualmente a necesidade de que se proceda a adxudicar os lotes 3 e 4 do contrato de servizos de limpeza de edificios e locais do Concello de Oroso cuxa competencia orixinal lle corresponde ao Pleno da Corporación mais se atopa delegada na Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que conforme establece o artigo 78.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, son sesións extraordinarias aquelas que convoque o Alcalde ou Presidente con tal carácter.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26/06/2023, acordou ter sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas salvo o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas; e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023.

TENDO EN CONTA que o artigo 123 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establece que as comisións informativas (CI) son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno do Concello e da Xunta de Goberno local cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes; e que o 26/06/2023 o Pleno do Concello, creou as CI de asuntos xerais, especial de contas, facenda e patrimonio, ordenación do territorio e urbanismo e familia, benestar, igualdade, cultura e ensino e mulleres.).

CONSIDERANDO a existencia de asuntos que requiren do ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

**PRIMEIRO:** CONVOCAR unha sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Asuntos Xerais que terá lugar o:

Día: 05/02/2024.

Hora: 09:30 horas en 1ª convocatoria e, se procedese, ás 10:30 horas a 2ª Convocatoria.

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello.

Orde do día:

## I PARTE RESOLUTORIA

1º.-Aprobar se procede a política de seguridade do Concello de Oroso (Exp. 2024/G013/000001).

2º.-Aprobar se procede a adjudicación dos lotes 3 e 4 do contrato de servizos de limpeza de edificios e locais do Concello de Oroso (EXP. 2021/C004/000017).

3º.-Aprobar se procede a solicitude do POS+2024 (EXP. 2023/A008/000051).

4º.-Aprobar se procede a solicitude do POS + 2024 Adicional 1-2024, gasto social extraordinario (EXP. 2024/008/000001).

**SEGUNDO.** NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da CI, REMITÍNDOLLES a propostas de resolución do asunto incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral, así como copia da minuta do acta que se leva a aprobación.

**TERCEIRO.** PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal/opencms/gl/> ) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**CUARTO.** DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso, asinado dixitalmente

O Secretario.

Federico Suárez Cancelo.